



## CALENDARIO DE PREINSCRICIÓN E MATRÍCULA DE MESTRADOS UNIVERSITARIOS CURSO 2015-2016

(Aprobado polo Consello de Goberno do 30 de abril de 2015)

### PRAZO PARA O ESTUDANTADO DE SISTEMAS UNIVERSITARIOS ESTRANXEIROS ALLEOS AO SISTEMA UNIVERSITARIO ESPAÑOL:

Establécese un prazo extraordinario de preinscrición e matrícula, para os mestrados universitarios da UDC, para estudantes de sistemas universitarios estranxeiros, tanto do EEES coma alleo a éste,. En todo caso, o número total de estudantes admitidos non superará o 30% das prazas ofertadas. Os solicitantes deberán cumprir os requisitos de acceso no momento de realizar a preinscrición, sen prexuízo de ter que cumprir os requisitos de admisión.

ESTUDANTES DE SISTEMAS UNIVERSITARIOS ESTRANXEIROS	
Ata o 5 de maio de 2015(incluído)	Preinscrición
12-14 de maio de 2015	Publicación lista provisional
14-21 de maio de 2015	Reclamacións
1-2 de xuño de 2015	Publicación lista definitiva
29 de xullo – 5 de agosto de 2015	Matrícula

### PRAZOS XERAIS:

Establécense distintos prazos de preinscrición e matrícula nos mestrados universitarios da UDC. En cada prazo ofertaranse as prazas vacantes existentes do total de prazas ofertadas en cada mestrado. Os solicitantes que non fosen seleccionados constituirán unha lista de agarda que será utilizada en caso de que se produza unha vacante, antes de rematar cada prazo de matrícula. Os integrantes da lista de agarda incorporaranse na lista provisional do segundo prazo sen necesidade de facer unha nova inscrición, agás renuncia expresa ou que exista constancia de que formalizaron a matrícula noutro mestrado. Estas solicitudes, xunto coas novas do segundo prazo, serán baremadas, realizándose unha nova ordenación para a asignación das prazas vacantes.

No terceiro prazo procederáse seguindo os mesmos trámites dos prazos anteriores.

Os solicitantes do Sistema Universitario Español deberán cumprir os requisitos de acceso no momento de se publicar a lista definitiva para formalizar a matrícula, sen prexuízo de ter que cumprir os requisitos de admisión.

A preinscrición realizarase a través do formulario en liña da web da UDC. Unha vez publicada a relación definitiva de admitidos, estes matricularanse nos prazos establecidos a través secretaría virtual na internet. A non formalización da matrícula no período establecido suporá a perda da correspondente praza, sendo necesario realizar unha nova preinscrición.



1º PRAZO (xuño-xullo de 2015)	
23 xuño – 13 xullo	Preinscrición
16 xullo	Publicación lista provisional
16 – 23 xullo	Reclamacións
28 xullo	Publicación lista definitiva
1 – 10 agosto	Matrícula
2º PRAZO (agosto-setembro de 2015)	
20 agosto - 3 setembro	Preinscrición
9 setembro	Publicación lista provisional
9 – 10 setembro	Reclamacións
15 setembro	Publicación lista definitiva
17 – 23 setembro	Matrícula
3º PRAZO (setembro-outubro de 2015)	
24 – 30 de setembro	Preinscrición
2 outubro	Publicación lista provisional
2 – 7 outubro	Reclamacións
9 outubro	Publicación lista definitiva
13 – 20 outubro	Matrícula

### Preinscrición de estudantes de Sistemas Universitarios Estranxeiros para o curso 2016/2017:

Coa finalidade de facilitar a planificación de accións de internacionalización e acceso aos mestrados universitarios dos estudantes procedentes de todos os sistemas universitarios estranxeiros (solicitud de bolsas, visados etc.), tanto do Espazo Europeo de Educación Superior coma de alleos a éste, os prazos previstos para a vindeira edición, correspondente ao curso 2016/2017, e para as seguintes, serán os que se indican na seguinte táboa. O número total de estudantes admitidos neste prazo non poderá superar o 30% das prazas ofertadas en cada mestrado (as prazas desta reserva que non se cubriren acumularanse á quenda xeral na preinscrición). Os solicitantes alleos ao EEES deberán cumprir os requisitos de acceso no momento de realizaren a preinscrición.

ESTUDANTADO SISTEMAS UNIVERSITARIOS ESTRANXEIROS	
18 de xaneiro – 18 de abril de 2016	Preinscrición
25-27 de abril de 2016	Publicación lista provisional
27 de abril - 5 de maio de 2016	Reclamacións
11-13 de maio de 2016	Publicación lista definitiva
Primeiro prazo xeral (a determinar)	Matrícula

*DILIXENCIA para facer constar que o presente documento composto de 2 páxina/s numerada/s e selada/s, foi aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión de data 30 de abril de 2015*

*O secretario xeral*

*Asdo. Carlos Amoedo Souto*